Camiño do Penisal, 29 - 36320 Chapela - Redondela
Tlf. 886 11 06 10 - Fax: 886 11 06 23 - ies.chapela@edu.xunta.es - http://centros.edu.xunta.es/ieschapela

Dereitos e deberes do alumnado

Tendo sempre en conta todos os deberes e dereitos do alumnado reflectidos no Real Decreto 732/1995 no que se establecen os mesmos ademais das normas de convivencia (BOE 2-6-95), desde o IES Chapela queremos destacar os seguintes.

Dereitos

Todo o alumnado ten dereito a non ser discriminado por razón de nacemento, etnia, sexo, capacidade económica, nivel social, convicciónns políticas, morais ou relixiosas, así como por calquera diversidade funcional física, sensorial ou psíquica, ou por calquera outra circunstancia persoal ou social. O centro comprométese ao estabelecemento de medidas compensatorias que garantan a igualdade real e efectiva de oportunidades, á aplicación dos protocolos en vigor, así como de iniciativas que eviten a discriminación e accións positivas tendentes á integración e inclusión de todos os membros da comunidade educativa.

Todo o alumnado ten dereito a recibir unha formación que asegure o pleno desenvolvemento da súa personalidade a nivel académico, persoal e profesional, nunhas condicións de seguridade e hixiene óptimas.

Todo o alumnado ten dereito a que o rendemento escolar sexa avaliado con plena obxectividade. Para isto poderá coñecer as programacións didácticas das distintas materias ou módulos que curse, así como os criterios para a súa avaliación e promoción. O alumnado, ou os seus representantes legais no caso de ser menor de idade, logo das aclaracións oportunas co profesorado, poderá reclamar as cualificacións resultado do proceso de avaliación ordinaria e extraordinaria, se estima que existe inadecuación das probas propostas en relación aos obxectivos da materia ou hai unha incorrecta aplicación dos criterios de avaliación.

Todo o alumnado ten dereito a amosar a súa desconformidade con calquera cualificación académica que reciba, do mesmo xeito que pode presentar queixas, reclamacións, suxestións ou achegar melloras sobre asuntos que concirnan á convivencia, á vida académica no centro ou á privación dalgún dereito que como alumna ou alumno deba ter garantido. Estas alegacións presentaranse na xefatura de estudos do centro que facilitará un modelo *ad hoc*, que poderá ser empregado por outros sectores da comunidade educativa.

Todo o alumnado menor de idade ten dereito a que os seus pais, nais, titores ou titoras, reciban información sobre a súa traxectoria escolar ben por parte do titor ou titora ou por parte de calquera profesor ou profesora que imparta unha materia que estea cursando.

Todo o alumnado das ensinanzas de Formación Profesional ten dereito a ser oído polo profesorado no horario de atención ao alumnado establecido e comunicado, preferentemente mediante cita previa. O alumnado poderá resolver calquera dúbida, consulta, suxestión ou reclamación co profesorado implicado, en segundo lugar co profesorado titor, e en última instancia e con cita previa será recibido por xefatura de estudos.

Todo o alumnado ten dereito a participar no funcionamento e na vida do centro, na actividade escolar e na xestión do mesmo, ademais de poder elixir os seus representantes. O seu dereito de reunión e de decisións colectivas de non asistencia en clase está regulado no anexo destas NOF. (Aprobadas no Consello Escolar 23-10-2014.)

Todo o alumnado maior de 14 anos ten dereito a autorizar ou non a publicación e uso da súa imaxe na web do centro ou noutras actividades que se leven a cabo no mesmo. De ser menor de 14 anos a autorización corresponderá aos seus representantes legais.

Todo o alumnado ten dereito a desfrutar do uso da biblioteca do centro seguindo as normas que a mesma ten para o préstamo de libros, materia audiovisual, emprego de internet...

Deberes

O alumnado ten o deber, ademais do dereito, de asistir a clase, respectando os horarios das actividades do centro, e portando o material necesario para o desenvolvemento da actividade docente nas distintas materias.

O alumnado xustificará as faltas de asistencia, sendo consciente que superar nunha materia o 10% de faltas inxustificadas pode ocasionar que se lle sexan aplicados procedementos e instrumentos de avaliación extraordinarios alternativos aos xa establecidos de ordinario na avaliación continua. No caso de alumnado en idade de escolarización obrigatoria o alto grao de faltas inxustificadas activa o protocolo de absentismo escolar. O alumnado das ensinanzas de formación profesional seguirá unha normativa *ad hoc* que regula a Perda do dereito á avaliación continua (PD), a renuncia, a baixa de oficio e a anulación.

O alumnado seguirá na aula as orientacións do profesorado con respecto ao labor de aprendizaxe, garantindo un normal desenvolvemento das clases.

O alumnado manterá un comportamento de respecto con todas e todos os membros da comunidade educativa independentemente da súa condición por razón de nacemento, etnia, sexo, capacidade económica, nivel social, convicciónns políticas, morais, relixiosas, diversidade funcional física, sensorial ou psíquica, ou por calquera outra circunstancia persoal ou social.

O alumnado coidará e utilizará correctamente os bens mobles e as instalacións do centro.

O alumnado coñecerá e cumprirá as normas de organización e funcionamento do centro que aseguran o bo clima de convivencia no centro. Ademais terá o dereito de participar no cambio e modificación das mesmas.

O alumnado que falte a clase xustificadamente (cita médica, enfermidade, asunto oficial...) informará o seu titor ou titora con antelación, sempre que sexa posible, quen o comunicará ao profesorado co que ten clase. Ao incorporarse de novo a clase achegará a xustificación da falta.